

---

# COVID - 19

Estudo da pandemia provocada polo COVID-19  
2ª parte: coronavirus SARS-CoV-2


---



---

## Introducción

Un virus está formado por unha molécula de ácido nucleico (ADN ou ARN, nunca ambas ao mesmo tempo) e unha cuberta proteica.



### Responde razoadamente:

1. Que significan as letras SARS-CoV-2?
2. A que nivel de organización pertencen os virus?
3. Que tipo de ácido nucleico posúe o coronavirus causante desta pandemia? Como se chamaban os compoñentes dos ácidos nucleicos? E o seu enlace característico?
4. Ademais dun ácido nucleico e unha cuberta proteica, posúen algunha estrutura máis?
5. Segundo a súa morfoloxía, os virus poden clasificarse como helicoidais, poliédricos, con envoltura, e complexos. Fai un esquema/debuxo/busca algunha imaxe de cada tipo e pon un exemplo das enfermidades que poden causar.
6. Defínese un virus como un *parasito intracelular obrigado*. Que cres que significan estes tres termos?
7. Os coronavirus constitúen unha familia de virus. Que características comúns posúen todos os pertencentes a esta familia?
8. Busca outras familias de virus e pon exemplos de cada unha.
9. Coloquialmente confúndense os virus e as bacterias. A que cres que pode ser debida esta confusión? Cales son as súas semellanzas e diferenzas?
10. Existen virus que afectan aos humanos, pero tamén outros que afectan aos vexetais e a outros animais. Busca exemplos de cada tipo.